

TODO PÚBLICO

"TODO PÚBLICO ESCOLAR" PROGRAMACIÓN DE TEATRO PARA CENTROS ESCOLARES

CURSO 2022/2023. PRIMAVERA 2023

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

"Porque os nenos e as nenas merecen e necesitan que a arte forme parte das súas vidas; porque as artes escénicas contribúen á súa formación emocional, a desenvolver a empatía e a xerar sociedades máis xustas. Merecen poder emocionarse e gozar con contidos de calidade que lles falen da realidade da que eles e elas son partícipes. Merecen un mundo cheo de arte".

(ASSITEJ España. Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud)

- Cada grupo só se poderá inscribir nunha única obra de teatro durante o curso 2022/2023.
- Os grupos que xa assistiron no primeiro trimestre non poderán volver inscribirse.
- Cada grupo deberá estar acompañado, polo menos, por unha persoa responsable do centro.
- A programación de educación infantil está pensada para escolares a partir dos 4 anos.
- A capacidade máxima será de 300 espectadores/as (incluído o profesorado); ou o que estipule a lexislación sanitaria vixente en cada momento.

En función das características do espectáculo e do nivel dos/as escolares, pódese producir unha redución da capacidade da sala.

- Os espectáculos para EI e EP ofértanse tamén para público familiar o sábado seguinte ás 18.00 h.

ENTRADAS

O PREZO DO BILLETE DE ENTRADA: 2,00 € por alumna/o para o alumnado de todos os niveis; e gratuíta para o profesorado acompañante.

RETIRADA E ABOAMENTO DAS ENTRADAS:

1. As entradas deben ser retiradas e aboadas cunha semana de antelación.
2. No caso de que non se faga o pago no prazo estipulado, adxudicaráselle as entradas a outro centro escolar que estea na listaxe de agarda.
3. As entradas recolleranse na billeteira do Fórum Metropolitano, con cita previa (chamando ao teléfono 981 184 297). Recoméndase o aboamento mediante tarxeta de crédito.
4. No momento de aboaren as entradas, poderase reducir o número de reservas ou aumentalas se quedan prazas vacantes.
5. Permitirase un máximo dun 10% de devolucións, sempre e cando non excedan de 10 entradas por función e centro. O importe será devolto ao remate da función, no Fórum. No caso de que fosen aboadas con tarxeta de crédito haberá que presentala.
6. A factura seralle enviada ao centro escolar posteriormente á sesión.



ACCESO AO FÓRUM METROPOLITANO

En autobús, débese acceder sempre desde a avenida de Oza en sentido de baixada para chegar á rúa Río Monelos.

Desta forma, os grupos baixarán na beirarrúa, diante do Fórum.

Recoméndase que o alumnado acceda ao edificio pola rampla ata a porta principal.

INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS RESPONSABLES DOS GRUPOS

TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO

A experiencia acumulada na programación de espectáculos de teatro para grupos escolares puxo de manifesto que a asistencia a un espectáculo será máis proveitosa e, polo tanto, con máis valor educativo se antes do espectáculo se fai un TRABALLO DE SENSIBILIZACIÓN PREVIO.

Por unha banda, este traballo debe orientarse nunha dirección: REFLEXIONAR SOBRE O QUE SIGNIFICA ASISTIR A UN ESPECTÁCULO TEATRAL.

COMO TE BENEFICIA O TEATRO?

Quizais nunca te paraches a pensar nos beneficios de ir ao teatro.

Por exemplo, sábese que a risa é unha das mellores terapias para a ansiedade e que mellora o noso estado de ánimo. A liberación de serotonina e endorfinas polo noso corpo trae pracer e reduce a dor. E non só iso, senón que o feito de mellorar o noso estado de ánimo e a produción espontánea e natural de substancias agradables fainos vivir nunha espiral de benestar e isto axúdanos a ser máis fortes contra enfermidades comúns.

Ademais, cando asistes á representación dunha serie de emocións, desenvólvese a túa empatía e colócate inconscientemente no lugar da outra persoa, o que pode incluso levarte a chorar inconsolablemente. A pesar de ser unha emoción negativa, sentir tristeza e mesmo chorar axúdanos a relaxarnos e a sentirnos mellor despois do proceso. Esa empatía tamén nos axuda a desenvolver a nosa intelixencia emocional ao sensibilizarnos sobre as emocións da historia que estamos vendo.

Non debemos esquecer que a cultura desenvolve a nosa intelixencia, e polo tanto mellora a nosa capacidade para lembrar e resolver problemas, mesmo matemáticos, xa que o cerebro é máis receptivo á realización de exercicios de comprensión máis figurados e complexos.

Compartir a experiencia co teu grupo de compañeiros/as, amizades, familia... axúdache a socializar e crear un vínculo común con esas persoas que fornece os lazos e as relacións coas que podemos gozar e sentirnos plenamente satisfeitos/as.

Hai que ter en conta que a cultura xera máis cultura. E canto máis desfrutemos deste tipo de ofertas, máis aprenderemos, máis nos divertiremos e iremos ampliando as nosas opcións de entretemento no futuro tanto a longo como a curto prazo. E que a cultura é fundamental no día a día de calquera persoa para poder seguir desenvolvéndose.

Por outra banda, para que o alumnado sexa non só espectador senón protagonista, a súa PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES PREVIAS E POSTERIORES Á FUNCIÓN é fundamental.

Tomar contacto coa danza mediante talleres de música e movemento, coñecer personaxes históricos que nos ensinen como viviron no pasado lendo os clásicos da literatura infantil e universal con adaptacións modernizadas...; ou afondar na temática en canto a valores que transmiten as obras, de amizade, respecto, solidariedade e integración na sociedade son mensaxes que vemos reflectidas no seu fondo.

Para iso, algunhas das obras programadas dispoñen de CADERNO ou DOSSIER DIDÁCTICO.

BENVIDOS/AS AO TEATRO!

Unha persoa representante da organización recibirá os grupos na entrada do edificio, indicarlles onde deben sentar no auditorio, permanecerá na sala en todo momento, organizará a saída ordenada e intentará solucionar as incidencias que se poidan presentar (devolución de entradas, normas do auditorio,...).

DÁMOSLLES UNHAS SINXELAS PAUTAS PARA SEGUIR PARA QUE O ESPECTÁCULO SEXA UN ÉXITO:

- 1) Vimos todos/as divertirmos e desfrutar do teatro, sen esquecer respectar sempre o traballo das persoas que están no escenario e na sala.
Debemos seguir as instrucións do persoal de sala en todo momento e actuar con responsabilidade.
- 2) A hora salientada no billete de entrada é a hora de inicio da función.
Agradécese puntualidade. Para iso, é aconsellable chegar ao Fórum con 10 ou 15 minutos de antelación.
- 3) Agradécese que a entrada e saída do edificio se faga en orde e no maior silencio posible, para lles evitar molestias ás persoas usuarias e traballadoras do Fórum.
- 4) Todas as persoas que asistan ao espectáculo accederán ao auditorio portando cada unha o seu billete.
- 5) Unha vez que comece o espectáculo, non se permitirá o acceso ao auditorio. Agradécese que os/as máis cativos/as non teñan que saír ao aseo no medio da función.
- 6) Por seguridade, hai que deixar libres os corredores e as portas de emerxencia do auditorio.
- 7) Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función. Se queren unha foto de grupo, poderán sacala ao termo da función, logo do previo aviso á xefa de sala.
- 8) Tampouco está permitido comer nin beber no auditorio.

MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS

Aínda que a pandemia da COVID-19 xa está en fase de remisión, a incidencia da enfermidade segue a ser moderada, polo que manteremos certas medidas hixiénico-sanitarias no programa escolar:

- Realizarase a limpeza, desinfección e ventilación do auditorio antes e despois de cada función.
- Estarán instalados puntos de hixiene dotados con dispensador de xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal á entrada do auditorio.

Por parte dos centros escolares, esperamos que actúen con responsabilidade e se absteñan de enviar aos espectáculos a alumnado coa enfermidade sen máscara. Recoméndase lavar as mans con xel hidroalcohólico antes de entrar no auditorio.

Estas normas poderán variar en función das medidas que poidan ditar as autoridades sanitarias en función do desenvolvemento da pandemia da COVID-19 na nosa cidade ou na comunidade autónoma.

E DESPOIS DO ESPECTÁCULO

Por favor, responda á enquisa de valoración.

E se che gustou, compárteo nas redes sociais ou déixanos un comentario no noso correo forum@coruna.es

ESPECTÁCULOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Espectáculo	Compañía	Nivel educativo	Datas	Horario	Duración	Data tope de aboamento
Muna	Ganso & Cía (Euskadi)	E. Infantil	9 e 10/02/2023	10:00 e 12:00 h	45 min	2 de febreiro
A illa da deslembanza	Artika (Galicia)	3º, 4º, 5º e 6º EP	23 e 24/02/2023	10:00 e 12:00 h	50 min	16 de febreiro
Crisálida	Caramuxo (Galicia)	3º, 4º, 5º e 6º EP	9 e 10/03/2023	10:00 e 12:00 h	50 min	2 de marzo
La niña de las trenzas al revés	El callejón del Gato (Asturias)	E. Infantil e 1.º e 2.º de EP	23 e 24/03/2023	10:00 e 12:00 h	45 min	16 de marzo
Wombo Combo	Galeatro (Galicia)	5º e 6º EP	20 e 21/04/2023	10:00 e 12:00 h	50 min	13 de abril
La loka historia de Frankenstein	Acar Teatro del Mundo (Asturias)	E. Primaria	11 e 12/05/2023	10:00 e 12:00 h	60 min	4 de maio
Ás para Alex	Baobad (Galicia)	1º, 2º, 3º e 4º EP	25 e 26/05/2023	10:00 e 12:00 h	50 min	18 de maio
El soldadito de plomo	Omar Álvarez Títeres (Argentina)	E. Infantil, 1º e 2º EP	8 e 9/06/2023	10:00 e 12:00 h	50 min	1 de xuño


LUGAR

Todos os espectáculos serán no **Forum Metropolitano**, agás "**Crisálida**" que será no Teatro Colón

"MUNA" de Ganso & Cía

9 e 10 de febreiro de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E.Infantil



Teatro xestual con obxectos e música en vivo.

Duración: 45 minutos

Idioma: **sen palabras**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

MUNA vive baixo terra, libre como un animal do bosque, como un náufrago na súa illa. Cada mañá percorre o parque en busca de tesouros esquecidos. Cada día a mesma historia, ata que un día decide buscar a maneira de rubir ata... a Lúa!!

Unha excursión visual e sonora para aqueles que refugan o agasallo e xogan coa caixa.

Unha viaxe a un lugar sen reloxo, sen imposibles nin normas.

Música en vivo con latas desafinadas e guitarra de xoguete.

Cor e calor a partes iguais.

“O mundo está cheo de cousas, e é realmente necesario que alguén as atope.”

Astrid Lindgren, Pippi Mediaslongas.

<https://youtu.be/PHcNu47UG9E>

FICHA ARTÍSTICA

Intérprete: Cecilia Paganini

Músico en vivo: Txefo Rodríguez

Creación: Gorka Ganso e Cecilia Paganini

Dirección: Gorka Ganso

Iluminación: Ion Chávez

Composición musical: Quico Puges

Escenografía: Gorka Ganso e Óscar De Paza

"A ILLA DA DESLEMBRANZA" de Artika Cía

23 e 24 de febreiro de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 3º, 4º, 5º e 6º cursos de E. Primaria



Teatro de actores e monicreques

Duración: 50 minutos

Idioma: **galego**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

Onde rematan os recordos que non están ben amarrados?

Quen se encarga de levar da nosa mente todas esas historias vividas e que non lembramos?

Os recordos da avoa de Uxía van e veñen como as ondas do mar e o seu ollar mesmo parece perderse nun océano profundo. Que lle está a pasar?

Como Uxía, unha nena de dez anos, pode axudarlle a recuperar esas lembranzas ou, talvez, acabarán todos na Illa da Deslembanza?

Baseada en "La isla de los recuerdos" de Marta Juia Satorra e Gemma Capdevila e tamén en "La maleta del abuelo" de Juan Hernaz e Fátima Fernández.

https://youtu.be/Sgwtqc_63bU

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: Martín Maez, Fernanda Barrio Barcala e Rocío Salgado

Dirección e adaptación: Manuel Mansilla

Escenografía e vestuario: Realizaciones Escénicas Gustavo Brito

Música: Anxo Fernández

Iluminación: Javier Quintana

Coreografía: Manuel Mansilla

"CRISÁLIDA" de Caramuxo Teatro

9 e 10 de marzo de 2023 ás 10.00 e 12.00 h no TEATRO COLÓN

Dirixida a 3º, 4º, 5º e 6º curso de E. Primaria



Peza de teatro de máscaras - **ESTREA**

Duración: 50 minutos

Idioma: **sen palabras**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

Crisálida é un espectáculo que quere poñer en valor a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado e cada vez máis dixitalizado. A importancia da existencia deses espazos que crean comunidade.

Unha historia que leva varios anos na súa cabeza e coa que queren facerlle unha pequena homenaxe a esas persoas que fan que as cidades teñan vida e sexan ricas en historias.

Historias como as da mercería "Crisálida" amósannos que este tipo de negocios, máis baseados nas relacións humanas e non só no beneficio económico, deben protexerse e recuperarse. Son parte do noso patrimonio e por iso, no seu 20 aniversario, queremos celebralo con eles.

Crisálida é o espectáculo vixésimo quinto da compañía Caramuxo Teatro, co que cumpren 20 anos de traxectoria. É o espectáculo máis ambicioso da compañía, unha montaxe de máscaras, sen texto, con catro actores e máis de 12 personaxes.

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: Anahí Taraburelli, Juan Rodríguez, Laura Sarasola Pontón e Josito Porto

Autoría: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Dirección: Olga Margallo

Adaptación: Caramuxo Teatro

Escenografía: Diego Valeiras

Música: Davide González

Iluminación: Suso Jalda

Vestuario: Diego Valeiras

Coreografía: Laura Sarasola

"LA NIÑA DE LAS TRENZAS AL REVÉS" de El Callejón del Gato

23 e 24 de marzo de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E Infantil, 1º e 2º curso de E. Primaria



Teatro de monicreques, obxectos e proxeccións

Duración: 45 minutos

Idioma: **castelán**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

PREMIO FETEN 2021 á Mellor adaptación escénica

PREMIO TERRITORIO VIOLETA, artes escéncias e igualdade

Un espectáculo sobre a curiosidade e a imaxinación, sobre comunicarse para comprender outras formas de ver a vida; por moi diferentes que nos poidan parecer outros pobos, outras persoas, o que nos achega sempre é máis forte que o que nos afasta; só temos que deixarnos levar pola curiosidade e non polos prexuízos.

Thana e Deva viven lonxe unha da outra: Thana vive en Mali, alén do deserto do Sahara. Deva vive en Asturias, moi preto do mar, mais non son moi diferentes, ata teñen a mesma idade. Unha noite a Lúa, como un espello máxico, permítelles coñecerse e falar...

<https://youtu.be/C9mpqUWcUAo>

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: Ana Eva Guerra e Moisés González

Autoría: Ana Eva Guerra e Moisés González, sobre un conto de Iris Díaz Trancho

Dirección e adaptación: Ana Eva Guerra e Moisés González

Escenografía: Artilugio

Deseño de son e iluminación: El Callejón del Gato

Vestiario: Ana Eva Guerra

"WOMBO COMBO" de Galeatro

20 e 21 de abril de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixida a 5º e 6º curso de E. Primaria



Teatro con máscaras

Duración: 50 minutos

Idioma: **galego**

Ten **DOSSIER PEDAGÓXICO**

Wombo Combo é unha peza escénica dirixida a público infantil e familiar que aborda o acoso escolar e as adiccións aos videoxogos. Paula Carballeira, referente do teatro infantil en galego, é a autora do texto creado para Galeatro.

Sara odia a súa vida, ou polo menos a que chaman a súa vida real. Nesa vida real non lle vai nada ben: non ten case amigas e moito menos amigos, búrllanse do seu aspecto, non é brillante nos estudos, nin sequera mediocre. Sara ten a sensación de que podería desaparecer e ninguén se decataría.

Pero Sara ten outra vida, na que xoga en liña con dúzias de persoas, e ten éxito, e é imbatible nas loitas. Sara pasa cada vez máis tempo nesa vida virtual e menos na vida real. Deixa de falar, de comer, de durmir. Ata que entra nun videoxogo novo: "Revamp", onde unha misteriosa voz en off vai propoñéndolle retos que debe cumprir na vida real se non quere sufrir as consecuencias.

A partir dese momento, Sara toma consciencia de que non é posible unha vida sen a outra.

<https://www.youtube.com/watch?v=n9fN8wDTtiE>

FICHA ARTÍSTICA:

Intérpretes: Alba Bermúdez, Tone Martínez e Mario Rodríguez

Autoría: Paula Carballeira

Dirección: Davide González

Escenografía e vestuario: Anahí Taraburelli

Deseño de son e iluminación: Davide González

"LA LOKA HISTORIA DE FRANKENSTEIN" de Acar Tearo del Mundo

11 e 12 de maio de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E. Primaria



Espectáculo de teatro

Duración: 55 minutos

Idioma: **castelán**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

PREMIO OH ao mellor espectáculo infantil (2019)

PREMIO OH á mellor escenografía (2019)

Un espectáculo sobre a diversidade e a aceptación do outro, as capacidades diferentes, as etiquetas, os diferentes ritmos de aprendizaxe e o respecto e a convivencia coas persoas distintas a nós.

Igor e Monstry chegan ao castelo da familia Frankenstein despois dunha longa viaxe en busca dunha fórmula que devolva a Doutora ao seu estado natural, e é que, realmente, a Doutora sufriu unha rechamante transformación.

Para iso deberán poñer en marcha unha máquina da que non está demostrado que funcione correctamente, mais... igualmente haberá que probala. Cal será o resultado?

https://www.youtube.com/watch?v=oy80yHI684Y&feature=emb_logo

FICHA ARTÍSTICA

Intérpretes: Anacelia Álvarez e Roca Suárez

Autoría: Pep Vila, Anacelia Alvarez e Roca Suárez

Dirección: Pep Vila

Escenografía: Josune Cañas, Light Expo Servicios Culturales

Música: Melanie Moërs

Iluminación: Alberto Ortiz

Vestuario: Azucena Rico

"ÁS PARA ALEX" de Baobab Teatro

25 e 26 de maio de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixido a 1º, 2º, 3º e 4º curso de E. Primaria



Espectáculo de teatro e monicreques

Duración: 50 minutos

Idioma: **galego**

Ten **DOSIER PEDAGÓXICO**

PREMIO "PROVINCIA A ESCENA" XXV FERIA DE TEATRO CASTILLA Y LEÓN

Baobab teatro aposta por unha peza teatral comprometida, divertida e cargada de verdade, tenrura e tensión, sobre o cancro infantil e a necesidade dun sentimento de esperanza coma unha menciña máis para superar esta enfermidade.

Álex é un neno coma calquera neno de 8 anos que lle encanta correr, xogar, quedar cos amigos/as, ir ao parque... A súa paixón: o fútbol.

Mais un día Álex ten que deixalo todo, porque o seu corpo non responde, non camiña... e coma calquera neno, Álex enfádase: enfádase coa súa nai, coa súa irmá, co seu can, ata co fútbol, Álex enfádase co mundo e asáltanlle moitas preguntas: por qué a min?, por qué non podo xogar? Por qué, por qué e por qué?.....,

Está tan enfadado que deixa de mirar ao seu arredor, ata que un día aparece Laura no seu camiño, e sen pedir permiso pero con moito coidado e agarimo entra de cheo na súa vida para mudarlle a ollada.

<https://vimeo.com/595167019>

FICHA ARTÍSTICA:

Intérpretes: Cora Velasco, Xosé Manuel Esperante

Autoría: Andrea Bayer

Dirección: Andrea Bayer e Óscar Ferreira

Escenografía e vestuario: Óscar Ferreira

Deseño de son e iluminación: Daniel Abalo

Música: Baobab Teatro

Monicreques e decorados: Óscar Ferreira

"EL SOLDADITO DE PLOMO" de Omar Álvarez Títeres

8 e 9 de xuño de 2023 ás 10.00 e 12.00 h

Dirixida a E. Infantil e 1º e 2º cursos de E. Primaria



Teatro de monicreques

Duración: 45 minutos

Idioma: **castelán**

PREMIO MELLOR ESPECTÁCULO, MELLOR LOCUCIÓN ESCÉNICA e MENCIÓN ESPECIAL no IV Certame de Teatro Infantil do XL Festival Nacional de Espectáculos para Niños, Necochea (Argentina) 2001. PREMIO CLARÍN Mellor Espectáculo do Circuito Oficial 2001

El Soldadito de Plomo non é un conto convencional. É unha parábola da vida levada ao mundo candoroso e infantil dos xoguetes.

Por iso o seu protagonista, un soldadiño cunha soa perna, non só está dotado do carácter e o temperamento que ten que ter un soldado; posúe ademais un corazón tenro e excesivamente romántico, que lle confire en cada pulsación o valor suficiente para afrontar as adversidades do destino. Como bo soldado e insigne cabaleiro, nunca se lamentará das súas desventuras e enfrontará os perigos co ímpeto e a fortaleza dun nobre guerreiro.

A súa azarosa travesía colócao de fronte ao perigo ao longo da historia, e condúceo tamén a múltiples naufraxios. Só o amor platónico cara a unha fráxil e delicada bailarina, avivará o seu desexo de retornar ileso xunto á súa amada.

Esta versión para teatro de monicreques respecta ata a última coma o texto orixinal que imaxinou o seu autor, co fin de introducir ao espectador a ese maravilloso e singular universo que creou e grazas á "maxia" dos monicreques, pareceranos ver ao mesmo Hans Christian Andersen contándonos ese extraordinario relato.

<https://www.youtube.com/watch?v=OmBG69HwC4U>

FICHA ARTÍSTICA:

Titiriteiro solista: Omar Alvarez

Narración en off: Alfredo Alcón

Autor: Hans Christian Andersen

Dirección: Omar Alvarez, Claudio Alvarez, R. Curci e G. Garnica.

Adaptación: Omar Alvarez

Escenografía e vestuario: Claudio Alvarez

Deseño e realización de monicreques: Omar Alvarez, Claudio Alvarez, R. Curci e G. Garnica.

Música: Gustavo "Popi" Spatoco

Iluminación: Omar Alvarez